

O próximo sábado, día 27, lerá o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega Anxo Angueira Viturero (Manselle, Doiro, 1961) que é actualmente profesor da Universidade de Vigo e presidente da Fundación Rosalía de Castro. Non podemos dissociar a súa profesión docente do seu cargo na institución rosaliana porque o profesor Angueira chega a presidir, entre outras razóns, pola súa intensa e dilatada dedicación ao estudo da obra da nosa escritora fundacional. Como editor da poesía completa de Rosalía levou a cabo unha profunda revisión textual da mesma que nos permite unha lectura renovada e respectuosa coa vontade autoral. Paralelamente, toda unha serie de artigos van completando un aparato erudito e crítico que nos posibilita a restauración visual de poemas que acaban cobrando significados despercebidos ata o momento.

Mais os traballos e días dedicados polo profesor Angueira á nosa gran poeta nacional non poden facer esquecer a súa importantísima actividade creativa no campo da poesía, da novela e do ensaio literario en xeral. A obra es-

Anxo Angueira*

Para Darío Xohán Cabana, in memoriam

Xosé L. Axeitos*



tralmente de creación de Angueira, dunha relativa brevidade, sen dúbida querida polo autor, é dunha tensión extraordinaria, que se manifesta en textos xa seguramente clásicos como son a poesía civil e coral d'*O ualo de Manselle*, ou esa portentosa novela *Pensa nao*, na que billa dun xeito senlleiro a lingua popular ó servizo dunha auténtica epopea do pobo de Rosalía; quizabes o paralelo novelístico máis perfecto e conmovedor que se poida dar dos *Cantares galiegos*. No seu conxunto, unha obra arraigada nos eidos natais das terras de lria que proxecta con potencia un territorio de valores que orientan sobre o que fomos, o que somos e o que queremos ser.

Non me deteño no vasto currículo de Anxo Angueira xa que as

súas obras de creación e investigación soamente nos proporcionan a derrota, a ruta, o camino pero non nos dan noticia do camiñante. Por esta razón dou por descontado as grandes tarefas investigadoras e docentes e quero afixarme en trazar o perfil ético do novo académico tendo en conta que se pode ter fama de escritor sen ter escrito un libro importante e todos sabemos que os premios, que tamén abundan na trasectoria de Angueira, non fan a ningún mellor persoa ou mellor escritor.

O nomeamento de Anxo Angueira como académico numerario da Real Academia Galega é unha distinción singular porque non é un premio, trátase dun recoñecemento que indica que o que representan a súa obra e a súa vi-

da son valores importantes para a construción do país, responsabilidade última, non sempre asumida, coa que naceu a institución outorgante, a RAG, en 1996.

Coidamos que a expresión que mellor define a personalidade do novo académico e que está dotada de capacidade para caracterizar a súa vida e a súa obra, é lealdade ética. Somos eticamente leais cando nos orientamos por argumentos e principios que fundamentan a honestidade, a responsabilidade e o compromiso social. Soamente deste xeito estaremos nun proceso histórico conducente á dignidade humana, un proceso lento e interminable que nos esixe conquistalo cada día.

Reno et aua, Anxo Angueira Viturero, navega pola ría na súa humilde dorna *Roxiña* labrando e escribindo na auga, como diría José Emilio Pacheco, na procura dunha patria que necesita das nosas mans e dos nosos corazóns.

*Nota final: Angueira non é galático (nin do Real Madrid nin da editorial Galaxia, si do Celta, por suposto) nin compostelán (nin do ILG nin do CCG nin da USC). Pero é da estirpe de Ferrín. Beizóns.